



## Protocolo de vixilancia e control epidemiolóxico fronte ao COVID-19

(Actualización 14 de xaneiro de 2022)

- As persoas da comunidade educativa que sexan **caso confirmado** deberán permanecer 7 días en illamento. Pasado este tempo, e sempre que non tivera síntomas durante cando menos os 3 últimos días, poderá incorporarse ao centro, mantendo unha vixilancia activa sobre a aparición de posibles síntomas ata completar polo menos 10 días desde o inicio do illamento.

**Nin o alumnado, nin o persoal do centro, en ningún caso require de proba algunha para reincorporarse ao centro.**

- **Os conviventes cun caso sospeitoso ou positivo** que **NON** teñan pauta de vacinación completa e tampouco foran diagnosticados da COVID nos últimos 6 meses **deberán absterse de asistir ao centro ata que se resolva a situación.**

- A definición e **contacto estreito** non variou: persoa que pasa máis de 15 minutos a menos de 2m dun caso positivo ata as 48h antes da consideración de inicio da enfermidade (inicio de síntomas ou toma de mostra para proba diagnóstica) sen uso axeitado de medidas de protección (máscara).

- Calquera das persoas que presente **síntomas compatibles (febre, tose seca ou produtiva, dificultade respiratoria, dor de gargante, outros síntomas respiratorios, fatiga severa, cansazo, dor muscular, falta de olfacto, falta de gusto, vómitos ou diarrera)** independentemente do seu estado vacinal, pasará a ser considerado caso sospeitosos. **Non deberá acudir ao centro.**

- **Os autotest** non requirirán dunha proba complementaria para confirmar o caso.

- O persoal docente e non docente, seguirá as indicacións de corentena que se propoñen para a poboación xeral de acordo á Adaptación da Estratexia de detección precoz, vixilancia e control, publicada o día 30 de decembro de 2021. Así, **as persoas con pauta vacinal completa**, salvo as excepcións previstas no documento citado, **non terán que facer corentena.**



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

**C.E.I.P. PLURILINGÜE VIRXE DO MAR**  
Rúa Illas Cíes, núm. 2 - 15570 - NARÓN (A Coruña)  
Tfno: 881 93 03 83  
e-mail: [ceip.virxedomar@edu.xunta.es](mailto:ceip.virxedomar@edu.xunta.es)



## **Abordaxe casos positivos no centro**

• **No caso de alumnado menor de 12 anos, ante a aparición dun primeiro caso nunha aula e ata un total de 4, o alumnado NON realizará corentena, independentemente do seu estado vacinal.**

• Ante agrupacións de casos (5 ou máis casos confirmados de infección activa), seguiranse as pautas xerais para a determinación das corentenas dos contactos estreitos. Esta corentena será de 7 días desde o inicio de síntomas do último caso confirmado (sempre que non se desenvolvan síntomas durante este período).

## **Persoa positiva en COVID-19 e autodeclaración na web**

Se un menor ten un test positivo, a familia pode optar por:

### **1. Formulario de autodeclaración.**

<https://coronavirus.sergas.gal/Contidos/Autodeclaracion-caso-sospeitoso-COVID>

Deste xeito evitades ter que chamar ao número covid ou ao centro de saúde.

O neno aparecerá na lista do seu pediatra e chamarano da central de rastrexadores.

O mesmo ocorre co profesorado, tamén poden optar polo formulario de autodeclaración.

### **2. OU chamar por teléfono:**

**881 54 00 45 - 981 21 90 15**